

ANUNCIO

RECOLLIDA DE CURRICULUMS VITAE PARA POSIBLES CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVAS DE IMPARTICIÓN DE DOCENCIA E SEGUIMENTO DO PROCESO DE APRENDIZAXE, ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN AO ALUMNADO DE 4 ACCIÓNS FORMATIVAS DO PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO (PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS) DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA OS EXERCICIOS 2019-2020 . (Decreto 19004501 do 24/05/2019).

ACCIÓNS FORMATIVAS :

- **SSCS0108 Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (RD 1379/2008 de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011 de 20 de maio).**
- **SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. (RD 1379/2008 de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011 de 20 de maio, modificado polo RD 625/2013 de 2 de agosto).**
- **IFCD0110 Confección e publicación de páxinas web (RD 1531/2011 de 31 de outubro modificado polo RD 628/2013 de 2 de agosto).**
- **COMM0112 Xestión de marketing e comunicación (módulos MF1007_3: Sistemas de información de mercados; y MF1002_2: Inglés profesional para actividades comerciais. (RD. 614/2013 de 2 de agosto).**

O Concello de Lugo, está a solicitar ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 17/04/2019 (DOG 07/05/2019), subvención para a posta en marcha das 4 accións formativas anteditas. Á espera da resolución da Consellería sobre a devandita solicitude e para o caso de que esta resolviese favorablemente a mesma, abrese un prazo de recollida de C.V. de persoas interesadas na impartición de docencia e seguimento do proceso de aprendizaxe, asesoramento e orientación ao alumnado.

Requisitos:

- Docentes accións formativas : Acreditación da capacidade docente ademais dos requisitos establecidos nos Reales Decretos que regulan cada unha das accións formativas.

- **Docentes obradoiros transversais “Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica”**: Acreditar 150 horas de formación em materia de xénero ou de experiencia profesional ou docente en materia de xénero, ademáis do resto dos requisitos para impartición de docencia (Art. 13.2f das bases reguladoras da subvención (DOG 07/05/2019).

- **Docentes obradoiros transversais “Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero”**: Requisitos docentes de titulación, experiencia profesional e capacitación docente do certificado correspondente (Art. 13.2 f das bases reguladoras da subvención (DOG 07/05/2019).

- **Seguimento do proceso de aprendizaxe, asesoramento e orientación ao alumnado** : Acreditar experiencia en coordinación e seguimento de accións formativas, e/ou experiencia profesional en coordinación e orientación de proxectos de inserción sociolaboral cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

As persoas interesadas, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos, dirixida a Desenvolvemento Local- Espazo>lab, así como inscribirse na base de datos da Axencia de Colocación do Concello de Lugo: <http://lugo.portalemp.com> .

O prazo de presentación de documentación no Rexistro Xeral do Concello de Lugo estará aberto entre os días 1 de xuño ata o 31 de xullo de 2019.

A documentación presentada pasará a formar parte da base de datos do centro de formación e orientación laboral do Concello de Lugo, Espazo>lab, para posibles contratacións administrativas dentro das accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2019 e 2020, no caso de que a resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria sexa favorable á concesión das mesmas ao Concello de Lugo.

A contratación, no seu caso, terá carácter administrativo, non laboral, sendo de conta da persoa contratada todas as obrigas tanto de seguridade social como tributarias procedentes

Máis información: Espazo>lab, centro de orientación laboral do Concello de Lugo.- Avda. Coruña 500 (antigo cuartel de Garabolos). 27003 Lugo. Tfno: 982297473.

Lugo, 27 de maio de 2019. .